

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,  
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 03.04.2019

Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 3 de abril de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

- 1.1 46340 (10/POC-007394)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca e Casal Vidal, Francisco  
Sobre a avaliación da Xunta de Galicia en relación cos resultados do Plan estratéxico de impulso ao comercio galego 2015-2020 e os datos ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019*
- 1.2 46703 (10/POC-007435)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia para favorecer o mantemento da actividade produtiva da empresa Poligal, en Narón, para evitar a súa deslocalización e para apoiar o fortalecemento do sector industrial nese concello, así como na comarca de Ferrol  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 442, do 07.03.2019*
- 1.3 46722 (10/POC-007438)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis  
Sobre as relacións de colaboración que se están a desenvolver entre a Xunta de Galicia e as universidades galegas, a través da Axencia Galega da Industria Forestal, para potenciar o sector forestal de cara a unha mellora da profesionalización  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 442, do 07.03.2019*
- 1.4 47314 (10/POC-007515)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel  
Sobre os problemas que están a ter as pemes agrogandeiras para afrontar o custo das melloras na súa subministración eléctrica e o desenvolvemento polo Goberno galego dalgunha negociación coas empresas distribuidoras para a súa diminución, así como o establecemento dalgunha liña de axudas para ese fin  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019*
- 1.5 47919 (10/POC-007612)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis  
Sobre a valoración do Goberno galego respecto do impacto que está a ter en Galicia, en termos de crecemento e de creación de emprego, a actuación do Goberno central nos últimos nove meses, en concreto no ámbito da industria. (Procedemento de urxencia)  
*Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 446, do 21.03.2019*

**Punto 2. Proposicións non de lei**

- 2.1 45751 (10/PNC-003681)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Casal Vidal, Francisco  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o peche de dous fornos e a posterior declaración dun ERE de dous anos en Ferroatlántica Cee  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*
- 2.2 46659 (10/PNC-003751)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas denuncias referidas ao posible cobramento indebido de facturas de consumo de gas en Lalín por parte da empresa Nedgia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 437, do 27.02.2019*
- 2.3 46921 (10/PNC-003777)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis  
Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia á empresa Telefónica-Movistar da habilitación dos sistemas técnicos necesarios para facilitarles a posibilidade de conexión telefónica e o servizo de internet por cable a todas as persoas residentes no concello de Baralla  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2019



PARLAMENTO  
DE GALICIA

Cristina Isabel Romero Fernández  
Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

## Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Luca Chao Pérez	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 03.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 03.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 46340(10/POC-007394)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Casal Vidal, Francisco

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia en relación cos resultados do Plan estratéxico de impulso ao comercio galego 2015-2020 e os datos ao respecto

*Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Francisco Casal Vidal**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.<sup>a</sup>**.

Continuamente a Xunta de Galicia ante calquera pregunta ou iniciativa dos grupos da oposición, que teñan a ver con demandas de mellora e impulso do comercio, resposta cos compromisos recollidos no Plan estratéxico 2015-2020 de impulso ao comercio galego, que segundo o goberno pretende incrementar a competitividade, impulsar a dixitalización e potenciar a súa excelencia.

Este Plan estratéxico, que xa pasou o seu ecuador e que afronta a súa recta final, fronte aos datos do sector semella non ter funcionado, polo que compre analizar a avaliación do mesmo para non incidir nos erros e poder mudar as políticas de xeito que axudemos de mellor forma ao sector comercial galego.

Así, por exemplo, este cadro do Ige coloca ao sector comercial galego como o sector con maior número de concursos no 2018, aínda con datos provisionais.

### Empresas concursadas por actividade económica principal (CNAE-09)

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Total	43	50	51	171	274	295	410	501	532	447	304	265	237	189
Agricultura e pesca	0	1	0	5	6	4	1	2	4	10	7	3	5	0
Industria e enerxía	14	15	15	42	76	81	106	134	115	80	40	38	39	33







Enerxía	0	0	1	0	2	2	2	3	5	1	1	1	0	0
Construción	14	8	8	60	98	86	128	157	174	115	75	49	58	41
Edificios e promoción inmobiliaria	9	3	2	47	72	65	81	108	119	73	53	38	42	28
Resto	5	5	6	13	26	21	47	49	55	42	22	11	16	13
Comercio	9	12	14	34	49	64	84	106	111	80	69	62	50	43
Transporte e almacenamento	0	2	6	5	13	17	28	20	19	25	18	7	7	11
Hostalaría	1	2	0	2	0	6	5	12	11	15	18	16	16	12
Información e comunicacións	0	0	0	1	1	4	2	1	6	9	3	1	3	6
Inmobiliarias financeiras e de seguros	0	0	1	7	2	4	3	4	8	8	5	5	10	6
Actividades profesionais e técnicas	1	3	1	4	9	9	15	21	27	29	19	17	10	11
Actividades administrativas e servizos auxiliares	2	2	0	3	2	3	9	15	15	14	14	14	10	8
Resto de servizos	2	3	5	4	5	6	14	9	18	23	12	32	11	8
Sen clasificar	0	2	1	4	13	11	15	20	24	39	24	21	18	10

Así o último informe do Foro Económico Galego resaltaba que entre as actividades que mostraban un deterioro ou ralentización no seu ritmo de crecemento no final do 2018, destacaban o comercio, descenso moito máis acusado se falamos do pequeno comercio ou eliminando a variable de comercio exterior.

O último dato que ratifica as nosa afirmacións é o descenso de empresas do comercio dende o 2008 pasando dun 26,5% do total a un 23,9% no comezo do 2018. Incluso cun descenso de máis de 1.500 no período que corresponde o Plan estratéxico





Cadro nº 3- Distribución das empresas atendendo aos sectores.

	2008*	% 2008	2014*	% 2014	2018*	% 2018
Industria	15.350	7,5	12.676	6,6	12.970	6,5
Ind. manufactureira	14.308	7,0	11.637	6,1	11.891	5,9
Construción	37.707	18,5	29.475	15,4	29.686	14,8
Comercio	53.990	26,5	49.542	25,8	48.081	23,9
Resto servizos	96.327	47,4	100.052	52,2	110.064	54,8
<b>TOTAL</b>	<b>203.374</b>	<b>100</b>	<b>191.745</b>	<b>100</b>	<b>200.801</b>	<b>100</b>

\*Dato correspondente a 1 de xaneiro de cada ano

Polo exposto anteriormente o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Que avaliación fai o Goberno galego dos resultados deste Plan estratéxico?
- 2.ª) Cal foi o número de empresas comerciais creadas durante o período de vixencia do Plan?
- 3.ª) Cal foi o número de empresas beneficiarias das axudas contempladas no Plan?
- 4.ª) Cal foi o número de acción de promoción do produto autónomo ou artesanal realizadas?
- 5.ª) Cal foi o número de accións formativas realizadas para mellorar a profesionalización?
- 6.ª) Cal foi o número de remudas comerciais impulsadas?
- 7.ª) Cal é o número de visitas á plataforma de relevo comercial?
- 8.ª) Cal é número de comercios asociados?
- 9.ª) Cal é o número de accións de adecuación física de espazos comerciais realizados?





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/02/2019 13:42:25  
Nº Rexistro: 46340  
Data envío: 14/02/2019 13:42:25.895



- 10.<sup>a</sup>) Cal é o número de accións de cooperación co sector turístico realizadas?
- 11.<sup>a</sup>) Cal é o número de accións innovadoras realizado?
- 12.<sup>a</sup>) Cal é o número de actuacións de mellora da imaxe realizada en establecementos comerciais?
- 13.<sup>a</sup>) Cal é o número de ordenanzas de prazas de abastos actualizadas?
- 14.<sup>a</sup>) Cal é o número de actuación de mellora da imaxe de mercados ambulantes e mercados realizadas?
- 15.<sup>a</sup>) Cal é o número de web comercias creadas?
- 16.<sup>a</sup>) Cal foi o número de guías on line desenvolvidas?
- 17.<sup>a</sup>) Cal é o número de comercios adheridos ao sistema arbitral de consumo?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Francisco Casal Vidal

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 14/02/2019 13:38:32**

**Francisco Casal Vidal na data 14/02/2019 13:38:45**



CSX4 REXISTRO-wmYGxkCEJ5

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 03.04.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 46703(10/POC-007435)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia para favorecer o mantemento da actividade produtiva da empresa Poligal, en Narón, para evitar a súa deslocalización e para apoiar o fortalecemento do sector industrial nese concello, así como na comarca de Ferrol

*Publicación da iniciativa, 442, 07.03.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/02/2019 13:00:07  
Nº Rexistro: 46703  
Data envío: 22/02/2019 13:00:07.102

### Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ao anuncio da presentación de concurso de acredores e posíbel peche da planta de Poligal en Narón.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vén de coñecer o anuncio da presentación de concurso de acredores e posíbel peche da planta de Poligal en Narón, situada no Polígono das Gándaras. Esta é unha moi mala nova para unha comarca castigada polo impacto continuos peches e ERES e pola perda de músculo industrial que ten impulsado o modelo económico do Partido Popular conducindo Galiza a un deserto industrial.

Cómpre recordar que Poligal é un dos principais fabricantes europeos de film de polipropileno biorientado (BOPP) e polipropileno cast (CPP). É polo tanto unha empresa estratéxica do punto de vista da fabricación de envases, laminación, etiquetas e unha ampla variedade de aplicacións industriais que pode desenvolver un papel estratéxico e de valor engadido. Esta empresa ten unha fábrica en Narón ademais de en Arcos (Portugal) e Skarbimierz (Polonia). Esta última posta en funcionamento aínda no ano 2018.

Recentemente celebráronse as eleccións sindicais nesta fábrica e o día 22 de febreiro, ao irse celebrar a primeira reunión coa empresa, foron informados de que por





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/02/2019 13:00:07**  
**Nº Rexistro: 46703**  
Data envío: 22/02/2019 13:00:07.102

mor dunhas presuntas débedas, a empresa entraría en concurso de acredores na procura dun administrador. Así mesmo, informóuselles de que esta situación sería exclusiva para Narón.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos que a Xunta de Galiza debe comprometerse co cadro de persoal na procura dunha solución que permita o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo.

Así mesmo, cómpre recordar que en Galiza, dende o 2009, ano no que comeza a gobernar Feijóo, a ocupación na industria galega reduciuse en 13.700 persoas, representando unha cuarta parte da redución total da ocupación en Galiza. Así, a ocupación na industria reduciuse a un ritmo de case o dobre do que o fixo o total da poboación ocupada (un -7,47% fronte a un -4,74%). Diante desta situación, é necesario evitar a desertización industrial do noso país, xa que é insostíbel unha economía exclusivamente de servizos; detrás ten que haber necesariamente un sector industrial que aposte polo valor engadido e por crear empregos de calidade.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para favorecer o mantemento da actividade produtiva da empresa Poligal en Narón?

-Ten coñecemento o goberno galego de que esta empresa opera nun sector chave para a especialización produtiva de Galiza en sectores de valor engadido?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/02/2019 13:00:07**  
**Nº Registro: 46703**  
Data envío: 22/02/2019 13:00:07.102

-Tense reunido ou vaise reunir a Xunta de Galiza co comité de empresa para ter unha folia de ruta común e coordinada?

-Que actuacións vai impulsar o goberno galego para impedir esta deslocalización encuberta?

-Como avalía o goberno galego a situación do sector industrial en Narón e na comarca da Ferrolterra?

-Que actuacións ten levado a cabo para favorecer o seu fortalecemento? Con que resultados?

-Considera a Xunta de Galiza positiva a terciarización da economía das comarcas de Ferrolterra da Coruña e a súa contorna? E do conxunto do país?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: G54YUKRc9  
Validador:  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/02/2019 13:00:07  
**Nº Rexistro: 46703**  
Data envío: 22/02/2019 13:00:07.102

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2019 12:58:27**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2019 12:58:31**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2019 12:58:33**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2019 12:58:34**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2019 12:58:37**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2019 12:58:39**

CSV: CE6AYUKRc9  
Validador:  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 03.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 46722(10/POC-007438)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis

Sobre as relacións de colaboración que se están a desenvolver entre a Xunta de Galicia e as universidades galegas, a través da Axencia Galega da Industria Forestal, para potenciar o sector forestal de cara a unha mellora da profesionalización

*Publicación da iniciativa, 442, 07.03.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/02/2019 13:30:16  
**Nº Rexistro: 46722**  
Data envío: 22/02/2019 13:30:16.252

## A Mesa do Parlamento

**María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A formación é un dos eixos fundamentais de acción para a Axencia Galega de Industria Forestal, tal e como o demostra a aprobación da Estratexia de Formación da Industria Forestal de Galicia 2018-2020 que permitirá impulsar a especialización de máis de 5000 profesionais.

A posta en marcha desta estratexia implica desenvolver unha serie de accións en diferentes eixos para paliar as eivas detectadas nos diferentes estudos realizados no sector, onde as empresas manifestan que lles resulta difícil acceder a recursos humanos cualificados e con competencias relacionadas coa incorporación das novas tecnoloxías e a promover os resortes de innovación e competitividade.

Esta dificultade afecta a toda a cadea de valor polo que é necesario implementar plans de formación axeitados á realidade do sector e ás súas demandas, cun enfoque práctico e flexible.

No nivel máis alto da escala formativa atopamos ás universidades de Galicia, concretamente a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo que desenvolven os graos de enxeñería forestal e o máster en enxeñaría da madeira estrutural no caso da USC promovido por PEMADE para favorecer un aproveitamento máis óptimo da madeira e dos recursos forestais á vez que se favorece o desenvolvemento e a fixación de poboación no medio rural .

Formación e investigación nos centros de investigación e universidades galegas son, polo tanto, un chanzo imprescindible nun sector clave en Galicia, que debe avanzar cara á industria 4.0 e a bioeconomía.

A competitividade das empresas do sector pasa por dar valor engadido á produción tradicional do sector forestal e para iso é necesario achegar novas solucións, novos procesos e novos produtos ao mercado, cuestións todas elas nas que o coñecemento e os profesionais que saen dos diferentes departamentos e centros das nosas universidades teñen moito que dicir.

CSV: auCUBHh3B  
Verificar  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/02/2019 13:30:16  
Nº Registro: 46722  
Data envío: 22/02/2019 13:30:16.252**

Polo anteriormente exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as relacións de colaboración que se está a desenvolver entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Industrias Forestais, e as Universidades Galegas para a potenciación do sector forestal cara unha mellora da profesionalización?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria Antón Vilasánchez na data 22/02/2019 13:27:36**

**Moisés Blanco Paradelo na data 22/02/2019 13:27:43**


**Moisés Rodríguez Pérez na data 22/02/2019 13:27:50**

**Marta Novoa Iglesias na data 22/02/2019 13:28:00**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 22/02/2019 13:28:10**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/02/2019 13:28:18**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 22/02/2019 13:28:28**



CSV: 60108H96  
Verificado

<https://secdt.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 03.04.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 47314(10/POC-007515)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os problemas que están a ter as pemes agrogandeiras para afrontar o custo das melloras na súa subministración eléctrica e o desenvolvemento polo Goberno galego dalgunha negociación coas empresas distribuidoras para a súa diminución, así como o establecemento dalgunha liña de axudas para ese fin

*Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/03/2019 10:41:34  
Nº Rexistro: 47314  
Data envío: 06/03/2019 10:41:34.305

## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Na lexislatura do rural, anunciada polo presidente Feijóo no seu discurso de investidura en 2016, os problemas que atopan os cidadás que queren seguir vivindo e traballando nese rural son moi numerosos, e na nosa opinión as accións da Xunta de Galicia para axudalos escasas e fallas de coordinación.

No caso das actividades económicas no sector primario, o sector gandeiro presenta problemas específicos; ademais das dificultades para acadar explotacións con un tamaño competitivo na economía globalizada, hai outros vinculados a enerxía e as dispoñibilidade das TIC.

Cando estas explotacións, fundamentalmente lácteas, pretenden ampliar o seu tamaño para competir mellor, atópanse cunha obvia necesidade de mellorar o seu subministro enerxético, incrementando a calidade do mesmo e a potencia contratada.

Cando estas explotacións solicitan as empresas subministradoras unha ampliación de potencia no seu subministro eléctrico para mellorar e tecnificar os seus procesos produtivos, atópanse con demandas económicas desmesuradas por parte das empresas eléctricas.

Trátase de desenvolver proxectos de mellora no subministro imprescindibles para a viabilidade e crecemento das empresas, pero a súa contía fai que as Pemes agrogandeiras de Galicia non podan asumilo, sen poñer en risco a propia viabilidade da explotación.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia dos problemas de custo nas melloras no seu subministro eléctrico que teñen que afrontar as Pemes agrogandeiras?

CSV: 4f4c1-4MNV1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/03/2019 10:41:34**  
**Nº Registro: 47314**  
Data envío: 06/03/2019 10:41:34.305

2. Ten desenvolvido a administración autonómica algunha estratexia concreta de negociación coas empresas subministradoras de electricidade para diminuír eses custes?

3. Cree a Xunta de Galicia que se está a cumprir o deber de servizo esencial do subministro eléctrico neste casos?

4. Ten desenvolvido a Xunta de Galicia algunha liña de axudas para estas empresas agrogandeiras que precisan melloras no seu subministro enerxético?


Pazo do Parlamento, 04 de marzo de 2019

Asdo.: Abel Losada Álvarez  
José Manuel Pérez Seco  
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2019 10:40:06**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2019 10:40:11**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 03.04.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.5 47919(10/POC-007612)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do impacto que está a ter en Galicia, en termos de crecemento e de creación de emprego, a actuación do Goberno central nos últimos nove meses, en concreto no ámbito da industria. (Procedemento de urxencia)

*Publicación iniciativa vía urxencia, 446, 21.03.2019*

## A Mesa do Parlamento

**Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández e Sandra Vázquez Domínguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo** polo trámite de **urxencia**.

### Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada polo impacto que está a ter en Galicia a falta dunha axenda industrial por parte do actual Goberno do Estado, que nesta semana tense materializado na falta dunha solución para a continuidade de Alcoa na Coruña e no retraso ata o 26 de abril da aprobación do Estatuto de Consumidores Electointensivos, poñendo en risco 5.000 empregos en Galicia vencellados a esta industria, incluía Ferroatlántica. Tamén pola decisión de “*allanarese*” nos recursos contencioso-administrativos que se seguen na Audiencia Nacional en contra da resolución de prórroga da concesión a ENCE sobre os terreos da Lourizán, en Pontevedra, poñendo en risco outros 5.100 empregos directos e indirectos, contando coas postos de traballo en empresas contratistas e no sector forestal da nosa Comunidade.

Estas últimas decisións do Goberno do presidente Pedro Sánchez teñen un impacto negativo directo e concreto sobre sectores estratéxicos para o economía e o emprego en Galicia, veñen a sumar a inestabilidade política e empresarial na que se instalou España no último semestre de 2018 tras a súa chegada a La Moncloa. Serva de exemplo que o dato de paro rexistrado do pasado febreiro a nivel nacional, cun aumento en 3.279 do número de persoas que buscan un emprego respecto a xaneiro, é o peor desde 2013 nun mes de febreiro.

Se ben Galicia rexistra un mellor comportamento co Estado como pon de manifesto o feito de que o pasado mes o paro rexistrado baixara na comunidade en 1.091 persoas, cambiando a tendencia dos últimos dez, a realidade é que nas últimas semanas se están a anunciar varios expedientes de regulamento do emprego que tamén afectan á







GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/03/2019 13:59:15  
**Nº Registro: 47919**  
Data envío: 18/03/2019 13:59:15.375

nosa comunidade autónoma, polo que xeran preocupación ao grupo parlamentario popular porque representan un escollo na senda de crecemento económico iniciada hai catro anos e que ten permitido a recuperación de 91.000 empregos na comunidade.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o impacto que en termos de crecemento e creación de emprego está a ter en Galicia a actuación do Goberno de España nos últimos nove meses, nomeadamente na industria?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 18/03/2019 13:56:12**

**Maria Antón Vilasánchez na data 18/03/2019 13:56:22**


**Moisés Blanco Paradelo na data 18/03/2019 13:56:27**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 18/03/2019 13:56:34**

**Marta Novoa Iglesias na data 18/03/2019 13:56:41**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 18/03/2019 13:56:48**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 18/03/2019 13:56:54**



CSV: a1D-6461Z3  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 03.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.       Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 03.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 45751(10/PNC-003681)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o peche de dous fornos e a posterior declaración dun ERE de dous anos en Ferroatlántica Cee

*Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 6.<sup>a</sup>**, relativa **ao peche de dous fornos en Ferroatlántica Cee e a posterior declaración dun ERE de dous anos.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ferroatlántica pechou en decembro, durante seis meses, os seus fornos nº 13 e 14 onde fabrica Ferromanganeso na factoría de Cee. Posteriormente anuncia un ERE polo prazo de dous anos.

Isto implica a paralización de varias empresas auxiliares, a non renovación de contratos eventuais e a previsible rescisión de contratos a moitos traballadores fixos da compañía.

As escusas da empresa, xustificadas na baixada das axudas de interrumpibilidade, son totalmente inadmisibles tendo en conta as características de autoprodutor que ten a compañía, o que lle permitiría abastecerse de electricidade a custos moi inferiores as do mercado. Pero parece que Ferroatlántica prefire facer un negocio fabuloso vendendo a enerxía no mercado no canto de abastecer as súas propias factorías, condición que sustenta a concesión das centrais.

As materias primas para a fabricación de ferromanganeso xa están a ser trasladadas a outras factorías de fora de España para desde alá aprovisionar aos clientes actuais de Cee e Dumbría. Ditas factorías foron adquiridas por Ferroatlántica grazas aos enormes beneficios acumulados polos rendementos das centrais hidroeléctricas concesionadas a esta compañía polo pobo de Galicia.



Ante a situación mencionada e en aras de buscar solucións que garanticen todos os empregos e o futuro das factorías, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.<sup>a</sup>**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Advertir a Ferroatlántica de que o peche de fornos e o ERE por dous anos pon en perigo a viabilidade da factoría de Cee, o que podería contravir as condicións da concesión das centrais hidroeléctricas.
- 2.- De persistir Ferroatlántica, despois da advertencia, no seu empeño de manter pechados os fornos e non reverter a solicitude de ERE, poñer en marcha un procedemento para reverter a concesión ao dominio público, pasando as centrais hidroeléctricas a ser xestionadas e explotadas pola Xunta de Galicia.
- 3.- Poñer en marcha unha auditoría financeira para concretar os ingresos das centrais hidroeléctricas de Ferroatlántica dos últimos 10 anos. Da mesma maneira auditar todas as contas e resultados das mesmas para determinar se están a soportar cargas económicas improcedentes ou desmesuradas comparadas con prezos de mercado.
- 4.- Cos resultados da auditoría mencionada no punto 3 esixir a Ferroatlántica a facer as inversións necesarias nas súas factorías que garantan a súa viabilidade, segundo o que marcan as condicións da concesión das centrais.
- 5.- Cos resultados da auditoría mencionada no punto 3, esixir a Ferroatlántica o cumprimento da súa obriga, recollida nas condicións da concesión, de desenvolver un plan industrial para as súas factorías e para a comarca da Costa da Morte. Cousa que nunca fixo en todos os anos en que leva ostentada a concesión.



6.- Para mellorar a competitividade e garantir a viabilidade das súas factorías de Cee e Dumbria, esixir a Ferroatlántica que utilice as posibilidades que como autoprodutor ten para conseguir uns costes de consumos eléctricos moi inferiores aos do mercado e totalmente competitivos cos das súas factorías situadas fora de Galicia.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal  
Deputado do G.P. de En Marea  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 07/02/2019 17:52:23**

**Luis Villares Naveira na data 07/02/2019 17:52:32**



**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 03.04.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 46659(10/PNC-003751)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas denuncias referidas ao posible cobramento indebido de facturas de consumo de gas en Lalín por parte da empresa Nedgia

*Publicación da iniciativa, 437, 27.02.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/02/2019 17:52:57  
**Nº Rexistro: 46659**  
Data envío: 21/02/2019 17:52:57.172

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o BNG de Lalín fixo unha denuncia pública do cobro abusivo por parte da empresa Nedgia de facturas de consumo de gas. Segundo os datos recabados, a empresa remitiu a particulares facturas co triple de consumo con respecto aos mesmos meses do ano pasado. Concretamente detectáronse nun caso o incremento do 262% e noutro do 248%. E máis casos con importantes incrementos na facturación.

Nestes casos, e noutros dos que se tivo coñecemento, o cálculo do custo non se fixo a partir de lecturas reais do consumo realizado senón a partir dunha estimación media claramente abusiva.

Como consecuencia da denuncia pública do BNG, a empresa Nedgia anunciou a devolución de facturas cobradas indebida e abusivamente.

Como esta empresa é reincidente neste tipo de prácticas, como se puido comprobar no caso das revisións das instalacións que non procedían. E como pode haber máis persoas afectadas, tanto en Lalín como noutras vilas do país, o Grupo







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/02/2019 17:52:57  
Nº Rexistro: 46659  
Data envío: 21/02/2019 17:52:57.172

Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento insta ao goberno galego a

1. Abrir un expediente de investigación e realizar un informe sobre prácticas abusivas no cobro de facturas de consumo de gas por parte da empresa Nedgia.

2. Tramitar o correspondente expediente sancionador á citada empresa, no caso de que se confirmen estas prácticas abusivas e contrarias aos dereitos das persoas consumidoras.

3. Realizar unha campaña informativa e de prevención sobre os posíbeis abusos de empresas que actúan cunha clara posición de dominio e mesmo de monopolo na prestación de servizos de subministrados básicos.”

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

CSX: hUeRwEjrn  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/02/2019 17:52:57  
Nº Rexistro: 46659  
Data envío: 21/02/2019 17:52:57.172

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 17:49:56**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 17:50:00**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 17:50:02**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 17:50:03**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 17:50:05**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 17:50:07**

CSX: hUe2wje1r  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 03.04.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 46921(10/PNC-003777)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia á empresa Telefónica-Movistar da habilitación dos sistemas técnicos necesarios para facilitarlles a posibilidade de conexión telefónica e o servizo de internet por cable a todas as persoas residentes no concello de Baralla

*Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019*



## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López** e dos seus deputados **Abel Losada Álvarez** e **José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

### Exposición de motivos

A pesar do continuo exercicio de publicidade e propaganda sobre a extensión das TIC's no territorio da Comunidade Autónoma, e das inxentes cantidades de fondos que se destinan a apoiar esta extensión, a realidade, denunciada en moitas ocasións polo Grupo Socialista é que as zonas de sombra son aínda moitas en Galicia. E non só en zonas illadas do interior, senón en moitos casos en núcleos urbanos.

Así está a ocorrer no centro do núcleo urbano de Baralla (provincia de Lugo), onde non hai liñas suficientes para dar conexión telefónica e servizo de internet.

Mesmo no centro de Baralla, como na zona da rúa Evaristo Correa Calderón, hai zonas onde non hai “pares” libres para poder ter servizo de internet por cable o que tamén impide cambiar de compañía o que na práctica se resolve nun monopolio de Telefónica-Movistar. Os veciños afectados por esta carencia vense obrigados a contratar con Movistar servizos que non desexan como por exemplo televisión para poder acceder a tarifas planas de móbiles.

Unha situación semellante se está a dar en moitas rúas e é necesario que Telefónica-Movistar faga unha ampliación da capacidade de usuarios e de liñas. Non facelo implica poñer unha barreira tecnolóxica e penalizar economicamente a empresas e veciños deste concello xa que servizo telefónico e de internet é hoxe un servizo básico que debe estar asegurado, independentemente do custo





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/02/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 46921  
Data envío: 26/02/2019 19:15:12.468

ou beneficio para a empresa, máxime cando é nun núcleo urbano e con unha empresa que continuamente recibe subvencións públicas

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande á empresa Telefónica-Movistar que dispoña os sistemas técnicos necesarios para que todos os veciños e veciñas residentes no concello de Baralla teñan a posibilidade de contar con conexión telefónica e internet por cable.

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López  
Abel Losada Álvarez  
José Manuel Pérez Seco  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia


**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 26/02/2019 19:12:00**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/02/2019 19:12:07**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/02/2019 19:12:14**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/02/2019 19:12:22**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es